

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA A V EDICIÓN DOS PREMIOS CREA DO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CREA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Dentro da política de impulso e fomento do proxecto de especialización Campus CREA, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo convoca a V Edición dos Premios CREA, coa finalidade de estimular e recoñecer accións de investigación aliñadas cos ámbitos estratéxicos que integran o campus de especialización.

A Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra teñen previsto asinar un convenio de colaboración para regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo durante o ano 2025, para contribuír ao proceso de especialización no que está inmerso o campus universitario de Pontevedra. A financiación das actividades propostas permitirá á consecución dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico do Campus CREA.

Neste sentido, o Campus de Especialización CREA aposta pola creatividade como motor da educación universitaria do século XXI, promovendo un contexto educativo innovador, colaborativo e interdisciplinar onde os diferentes axentes implicados participan no proceso de creación e investigación. Resulta, por tanto, oportuno convocar estes premios mediante os que se recoñece o valor que o Campus de especialización CREA da Universidade de Vigo outorga ao esforzo de toda a comunidade universitaria no ámbito da creatividade.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva a V Edición dos Premios CREA do Campus de Especialización CREA que serán xestionados de acordo coas bases que se establecen no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e na web do Campus Crea e da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva Mª Lantarón Caeiro



ANEXO I.**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DA V EDICIÓN DOS PREMIOS CREA DO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CREA DA UNIVERSIDADE DE VIGO****1.OBXECTO**

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e o campus de especialización CREA da Universidade de Vigo consideran importante, para estimular a promoción do Campus CREA, premiar accións destacadas no ámbito da creatividade que impliquen a membros da comunidade universitaria de diferentes ámbitos de coñecemento, e que axuden a situar e consolidar o Campus de especialización CREA como un referente en temáticas relacionadas coa creatividade.

Neste sentido, a presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións creativas, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus de especialización CREA.

Os Premios CREA teñen como obxectivo recoñecer diferentes facetas da actividade creativa desenvolvidas tanto polos membros da comunidade investigadora da Universidade de Vigo: persoal docente investigador (PDI en diante) con calquera vinculación, como polo alumnado de grao, mestrado oficial ou doutoramento. Trátase, por tanto, de premiar investigacións, publicacións e obras creativas, nun sentido amplo, e adscritas ás liñas de investigación propias do campus de especialización CREA.

2.REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá presentarse a este premio tanto o alumnado que estea matriculado de calquera titulación de grao, mestrado universitario ou doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2024-2025, como o PDI de calquera categoría. No caso de obras ou proxectos en cotitularidade, polo menos unha das persoas investigadoras deberá ou ben estar matriculada nunha titulación oficial integrada no Campus de Especialización CREA ou ben estar adscrita a un centro, grupo de investigación ou departamento adscrito a dito Campus.

A solicitude deberá contar co visto e praxe de todas as persoas coautoras da obra, salvo imposibilidade xustificada. Neste senso, consideraranse persoas beneficiarias a efectos de certificación da resolución de concesión todas as persoas autoras da obra. No caso da dotación económica consideraranse como persoas beneficiarias todas as persoas autoras.

3.INCOMPATIBILIDADES

Non se poderán presentar traballos que foran presentados a calquera outra convocatoria de premios de carácter semellante á presente convocatoria.

Non poderán ter a condición de persoa beneficiaria as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas establecidas nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4.DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

O importe total desta acción ascende a un máximo de 2.250,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2025PON1211ECRE226

A axuda está suxeita á retención do IRPF establecida na lexislación tributaria.

MODALIDADES DOS PREMIOS

Os premios consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dun diploma acreditativo, e nunha remuneración en metálico para os traballos gañadores en cada unha das categorías establecidas, previa resolución do xurado.

De ser posible, os premios serán entregados nun acto institucional organizado a tal efecto.

Establécense as seguintes categorías:

Primeira categoría

Nesta categoría estipúlase como condición que polo menos unha das persoas autoras do traballo presentado ten que ser obrigatoriamente PDI adscrito ao Campus de especialización CREA.

Premio en metálico de mil cincocentos euros (1.500,00€) e diploma acreditativo para as persoas autoras.

No caso de obras en cotitularidade, o premio dividirase entre o número de persoas autoras da obra.

Segunda categoría

Nesta categoría só pode concorrer o alumnado de graos, mestrados oficiais ou programas de doutoramento adscritos o Campus de especialización CREA, estando excluída a participación de PDI.

Premio en metálico de setecentos cincuenta euros (750,00€) e diploma acreditativo para as persoas autoras.

No caso de obras en cotitularidade, o premio dividirase entre o número de persoas autoras da obra.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da UVIGO <https://sede.uvigo.gal/> mediante o procedemento "Instancia Xenérica", dirixíranse á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra indicando no asunto "V Edición Premios CREA", e acompañaranse dos seguintes documentos:

1. Unha breve descrición da obra ou proxecto, o título do mesmo e o nome dos/as autores, en formato pdf, seguindo o modelo establecido no ANEXO II.
2. Memoria explicativa da natureza da investigación, publicación ou obras creativas, en formato pdf, seguindo o modelo establecido no ANEXO III.
3. Arquivo dixital da investigación, publicación ou obras creativas presentadas.
4. Declaración responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, segundo o Modelo establecido no ANEXO IV.
5. Se non autoriza á consulta segundo a declaración responsable establecida no ANEXO IV, debe ser presentada copia do DNI/NIE/Pasaporte das persoas autoras.
6. Se non autoriza á consulta segundo a Declaración responsable establecida no ANEXO IV, debe ser presentada certificación de estar matriculado/a nos estudos de grao, mestrado universitario ou doutoramento de todas as persoas que figuren como autoras, ou ben ser persoal docente e investigador con vinculación activa no curso académico 2023/2024.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da UVIGO ata o día 31 de xullo de 2025 ás 14.00 horas (hora peninsular española)



6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase unha lista provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de cinco días hábiles contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1. CRITERIOS DE SELECCIÓN E PROCEDEMENTO

Os traballos serán avaliados por unha comisión presidida pola Dirección do Campus de especialización CREA e integrada por persoas de recoñecida traxectoria en distintos ámbitos da creatividade.

A comisión serán a encargada de avaliar todas as obras presentadas e intentará contar con presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Criterios de valoración:

Orixinalidade e creatividade. A obra presenta novas ideas? Avaliase a capacidade de romper co convencional. A obra amosa un alto nivel de creatividade na concepción e execución (3 ptos.).

Calidade técnica e presentación. Avaliase a destreza na aplicación de técnicas e ferramentas pertinentes no campo da obra, sexa no ámbito científico, artístico ou tecnolóxico. A obra está presentada de xeito claro, atractivo e profesional? Avaliase a calidade da presentación visual, a claridade da exposición e a capacidade de comunicar eficazmente a idea ou mensaxe da obra (2 ptos.).

Interdisciplinaridade. Avaliase a capacidade da proposta de integrar e aplicar coñecementos, métodos ou enfoques de diferentes disciplinas, fomentando a colaboración entre áreas de estudo e promovendo a innovación a través da diversidade (3,5 ptos.).

Relevancia, pertinencia e valor engadido. A obra aborda un tema ou problema relevante no contexto actual? Ten conexión cos desafíos ou tendencias actuais? A obra engade un valor diferencial ou único en comparación con outras obras semellantes? (1,5 ptos.).

Fallo da comisión:

O fallo da comisión non estará suxeito a apelación. A comisión poderá declarar deserto algún ou todos os premios de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes.

A comisión queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

2. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

Á vista da proposta da comisión de avaliación, publicarase a resolución reitoral coa listaxe definitiva de solicitudes concedidas e denegadas con mención da causa de denegación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo naméntres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se poidan impoñer, polo que presentar a solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

A resolución dos premiados farase nun acto público en outubro de 2025.

Tanto a convocatoria como as resolucións que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina web do Campus de especialización CREA e na da Universidade de Vigo.

8. COORDINACIÓN DA CONVOCATORIA

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra a través do Campus CREA é a responsable da coordinación e supervisión da convocatoria. As persoas participantes poderán dirixir calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria á secretaría técnica do Campus CREA (tfno. 986 802 087) ou no enderezo electrónico: xes.crea@uvigo.gal.

9. ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES

Todas as persoas participantes, polo feito de presentarse a este concurso, autorizan o uso da súa obra/proxecto en posibles reproducións que fagan referencia á difusión do propio premio, o que non impedirá que os autores conserven os seus Dereitos de Propiedade Intelectual.

As persoas participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existen dereitos a terceiros así como de toda reclamación por dereitos de imaxe ou doutro tipo sobre as obras e proxectos presentadas ao concurso.

O feito de participar neste concurso supón a total aceptación destas bases.

10. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria "V Edición Premios CREA", e amparados polo artigo 6.1 e) do RXP polo que o tratamento dos datos é necesario para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, con base na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario que esencialmente é función da universidade o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo e en uso da súa autonomía universitaria pode establecer relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases da convocatoria "V Edición Premios CREA". Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo



casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo(Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

